

Este sitio utiliza cookies de Google para prestar sus servicios y para analizar su tráfico. Tu dirección IP y user-agent se comparten con Google, junto con las métricas de rendimiento y de seguridad, para garantizar la calidad del servicio, generar estadísticas de uso y detectar y solucionar abusos.

MÁS INFORMACIÓN ENTENDIDO

Blogue de Gracia e de Anxo, blogue de pingas e de icebergs, do que nos preocupa ou nos chama a atención, de biblioteca e de aula.

25/06/12

inflamable

Se alguén vos di algún día que a poesía é aburrída, ofrecédelle este poemario. Se alguén comenta que a poesía é un coñazo, dádelo a ler este libro. Se alguén non é quen de sorrir con estes poemas, deixádeo por imposible. Significa que non se "inflama" con nada, e ningún proveito poderemos tirar del. Así que lembre este título para posibles emerxencias tácticas: *inflamable* de **Samuel L. París** publicado por **Edicións Positivas** é un conxunto de poemas para ter a man cando precisemos de material combustible. Sarcasmo e ironía dominan a súa poética, mentres a sátira vai liberando versos como quen da de beber, mergullándonos en política e literatura de xeito irrespectuoso porque de todo se pode un rir.

Metaliteratura e metamúscia -de existir tal palabra- danse a man nas súas páxinas: referenciados Otero Pedrayo, Ferrín, Kafk, Rosalía, Reixa ou Celso Emilio no primeiro caso, Fermin Muguruza, Xurxo Souto, Sabina, The Sonics, Elvis, no segundo. Xogo poético, brincadeira, de todo hai nun libro que non deixa indiferente. A propia contracuberta advirte: "a literatura pode debe arder", co cal teremos calor lector sen dubidalo.

adiós ríos adiós fontes
de que chegue a casa xa vos dou unha perda

rianxeira
calvo
escurís
está claro
neste país mandarán sempre
los conservadores

unha vez tiven un cravo
perdino
tampouco imos facer un drama do asunto

ATOPARALO EN [LECTURA](#), [LETRAS GALEGAS](#), [LIBROS](#), [POESÍA](#), [POSITIVAS](#), [RECOMENDAMOS](#)

Sen comentarios

[Publicar un comentario](#)

[Publicación máis recente](#)

[Inicio](#)

[Publicación máis antiga](#)

Subscribirse a: [Publicar comentarios \(Atom\)](#)

715845

[contadores gratis](#)

Neste blog utilizamos as imaxes con finalidade educativa. Se algunha delas estivera suxeita a dereitos de autor, rogamos que vos poñades en contacto connosco para retirala de inmediato.

Buscador

Busca no Blogue



**"Un ronsel de palabras.
Un ronsel de números.
Un ronsel de notas.
Un ronsel de pensamentos.
Ao fin...
abrirse camiño nun novo
fogar..."**

Ler non é clandestino



Busca en Trafegando

Trafegamos tamén en...



Trafegamos no Twitter




As estrelas dos ronseis



NO PORNOGRAFIA INFANTIL

Club de lectura



PROLINGUA